

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 9 de marzo de 2007, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, do 14 de decembro de 2006.
3. Contratos e convenios.
4. Propostas de mestrados propios e cursos de especialización.
5. Calendario para a proposta de novos programas oficiais de posgrado e de admisión e matrícula para os mestrados e doutoramentos do curso 2007/08.
6. Prazas de profesorado convocadas ao abeiro da transitoria 3ª dos Estatutos da UDC.
7. Permisos e licenzas.
8. Solicitud de cambio de área de coñecemento.
9. Modificación do baremo para a contratación de profesores Axudantes.
10. Convocatoria de prazas de promoción do PDI habilitado.
11. Convocatoria do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudantes vinculadas a necesidades docentes e á calidade investigadora.
12. Modificación da Normativa de elaboración do POD para incluír o recoñecemento da actividade investigadora.
13. Aprobación, se proceder, do Proxecto de regulamento das cátedras culturais da UDC.
14. Código de conducta das universidades en materia de cooperación para o desenvolvemento.
15. Creación da Oficina de Medio Ambiente da UDC.
16. Aprobación, se proceder, dos regulamentos de réxime interno da E.U. de Arquitectura Técnica, E.U. de Estudos Empresariais, do Dpto. de Construcións Navais, do Dpto. de Ciencias da Navegación e da Terra, do Dpto. de Psicoloxía Evolutiva e da Educación e do Dpto. de Enxeñería Industrial.
17. Eleccións membros comisións delegadas, seguindo o procedemento contido no Anexo I.
18. Quenda aberta de intervencións.

A documentación completa relativa aos puntos 2 e 3 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a documentación relativa aos puntos 4,5,6,7,8,9,11,12,13,14 e16.

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión.

A Coruña, 2 de marzo de 2007
O SECRETARIO XERAL

Asdo. Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO

ANEXO I

Procedemento para o punto 17:

- Eleccións parciais de membros das Comisións Delegadas do Consello de Goberno.

Presentación de candidaturas: ata as 12:00 horas

Proclamacións provisionais: ás 12:15 horas

Reclamacións: ata as 12:30 horas

Proclamacións definitivas: ás 12:45 horas

Votación: ás 13:00 horas

Escrutinio e proclamación provisional de candidatos electos: ás 13:15 horas

Reclamacións: ata as 13:30 horas

Proclamacións definitivas de candidatos electos: ás 13:45 horas